

PMC/sj

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A CERTIFICACIÓN E SEGUIMENTOS DA MARCA Q DE CALIDADE TURÍSTICA, CONFORME Á UNE-ISO 14785:2015 -OFICINAS DE TURISMO, PARA A REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS, E A UNE 302002:2018 -MUSEOS, PARA O CASTELO DE SOUTOMAIOR, E O INICIO DO PROCEDEMENTO PARA OBTENIR A CERTIFICACIÓN NA MARCA "S" PARA O CUMPRIMENTO DE OBIECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)

Exp. núm.: 2023063694

A presente Memoria emítese en referencia e complemento ao establecido na providencia de inicio do servizo solicitante, de data 25/10/2023 (CSV: SHE5BNGW28J4ORYI) e informe complementario de data 30/01/2024 (csv: Z6B505CSGQYV8GKD)

1. Servizo solicitante:

Turismo Rías Baixas

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

Un dos obxectivos do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra é a mellora da competitividade e posicionamento do destino Rías Baixas, impulsando os cimentos do turismo de calidade, sostible e innovador. Unha estratexia aliñada ao Plan Estratéxico do destino Rías Baixas e coas políticas nacionais no eido do turismo.

A Rede de oficinas de turismo INFO RÍASBAIXAS, regulada pola Ordenanza publicada no BOPPO nº72 do 13 de abril de 2022, está formada polas oficinas e/ou puntos de información turística de titularidade da Deputación de Pontevedra, e outras oficinas e/ou puntos de información turística da provincia de titularidade municipal que soliciten a adhesión e cumpran os requisitos recollidos na Rede. Neste intre, son 32 as oficinas e/ou puntos de información adheridos á Rede INFO RÍASBAIXAS.

No artigo 4 da Ordenanza reguladora da Rede, indícanse as vantaxes de estar integrados na rede, entre os cales se indica a posibilidade de obter o distintivo de Calidade "Q" conxuntamente coa Oficina de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra e/ou certificacións de cumprimento de sistemas de calidade que se implementen na rede de oficinas.



O Instituto de Calidade Turística de España (ICTE) é unha organización creada co fin de difundir os sistemas de aseguramento da Calidade no sector turístico

O ICTE lidera ademais unha nova certificación de Sostibilidade Turística (ODS) que supón un elemento diferenciador, a mellora da imaxe do subsector turístico no destino e facilita a visibilización sobre a contribución coa mellora do entorno sociocultural e medioambiental do destino turístico.

As actividades do servizo de Turismo Rías Baixas e esta en concreto, baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, configurándose a Calidade como unha ferramenta fundamental para a mellora da competitividade das actividades turísticas da provincia de Pontevedra.

Para a realización do seguimento e certificación das normas de aplicación do Instituto de Calidade Turística Española (ICTE), é necesario recorrer a empresas do sector que posúan a capacidade para realizar este tipo de servizos, debido á non disposición dos medios necesarios e suficientes por parte da Deputación de Pontevedra.

Por tanto, dadas as especiais características dos traballos a levar a cabo obxecto do presente contrato, o servizo de Turismo Rías Baixas non dispón dos medios materiais e humanos, descritos nos pregos, axeitados para a realización das actividades necesarias para o seu cumprimento; ao tratarse de traballos que requiren de persoal moi especializado e con experiencia na súa realización, o que implica un perfil profesional do que non se dispón suficientemente en estrutura, nin cualitativamente nin cuantitativamente. Por tanto, e atendendo a razóns de eficiencia técnica e organizativa, resulta necesario a súa contratación cunha empresa especializada.

Por todo anterior, faise necesario, por tanto, a tramitación do correspondente expediente de contratación "Servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da Marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -oficinas de turismo, para a rede de oficinas de Turismo Info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior e par ao cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)"

3. Obxecto do contrato:

Réxime xurídico:	Lei 9/17, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. <input checked="" type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO ESPECIAL <input type="checkbox"/> PRIVADO
-------------------------	--



Tipo:	<input type="checkbox"/> OBRA <input checked="" type="checkbox"/> SERVICIO <input type="checkbox"/> SUBMINISTRACIÓN <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE OBRAS <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE SERVICIOS <input type="checkbox"/> MIXTO	
Regulación armonizada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON	
Obxecto e contido:	Contratación do servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -Oficinas de Turismo, para a rede de oficinas de turismo info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior, e o inicio do procedemento para obter a Certificación na Marca "S" para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)	
CPV:	79311000 - 7 Servizos de estudos 79411000 – 8 Servizos xerais de consultaría de xestión	
Lotes:	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes: -
	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<u>Xustificación:</u> A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, en data 25/10/2023 informa que " <i>Non procede a división en lotes do obxecto do contrato, xa que a natureza de dito obxecto fai necesaria para a súa correcta execución a coordinación das diferentes actividades que o integran e, ademais, as mesmas se materializa nun único documento final. Polo que, a súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes podería verse imposibilitada a coordinación así como a perda de uniformidade, homoxeneidade e rigor metodolóxico na execución do contrato</i> ", considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.
Admisión de variantes:	<input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego. <input checked="" type="checkbox"/> NON	



4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

Un máximo de 3 anos a contar dende os correspondentes ciclos de aplicación das normas de aplicación:

UNE-ISO 14785:2018	2024	2025	2026
Seguimento	Auditoría de seguimento por sistema multisite	Auditoría de seguimento por sistema multisite	
Renovación de Certificación			Auditoría de renovación por sistema multisite

UNE 302002 : 2018	2024	2025	2026
Seguimento		Auditoría de seguimento	Auditoría de seguimento
Certificación	Auditoría de Renovación		

	Oficina de Turismo Rías Baixas	Castelo de Soutomaior
Ano 2024	Certificación S	-
Ano 2025	Auditoría de seguimento	Certificación S
Ano 2026	Auditoría de seguimento	Auditoría de seguimento

En todo caso o contrato rematará o 31 de decembro de 2026

Prórroga/s: SI NON Número: Duración:

5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

29.284,01 €



1. CUSTOS DIRECTOS (persoal, prestación do servizo, equipamento local....)	
custos de persoal	13.579,20 €
tarifas de adhesión* (non se lles aplica nin o 5% nin o beneficio industrial)	740,51 €
outros custos directos	4.000,00 €
desprazamentos e dietas	3.500,00 €
TOTAL CUSTOS DIRECTOS	21.819,71 €
CUSTOS INDIRECTOS	
a) (5% dos custos directos)	1.053,96 €
TOTAL CD+CI	22.873,67 €
b) Beneficio industrial (6% dos custos directos e indirectos)	1.327,99 €
ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN SEN IVE	24.201,66 €
IVE (21%)	5.082,35 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	29.284,01 €

Co seguinte desglose:

ANO 2024		
CONCEPTO	CUSTO TURISMO RÍAS BAIXAS	
CUSTOS DIRECTOS	custos de persoal	3.123,21 €
	tarifas de adhesión *(non se lles aplica nin o 5% nin o beneficio industrial)	280,17 €
	outros custos directos	920,00 €
	desprazamentos e dietas	805,00 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS		5.128,38 €
CUSTOS INDIRECTOS (5% dos custos directos)	242,41 €	
TOTAL CD+CI	5.370,79 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6% dos custos directos e indirectos)	305,44 €	
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	5.676,23 €	
IVE	1.192,01 €	
TOTAL co IVE	6.868,24 €	

ANO 2024		
CONCEPTO	CUSTO CASTELO DE SOUTOMAIOR	
CUSTOS DIRECTOS	custos de persoal	1.357,92 €
	outros custos directos	400,00 €
	desprazamentos e dietas	350,00 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS		2.107,92 €
CUSTOS INDIRECTOS (5% dos custos directos)	105,40 €	
TOTAL CD+CI	2.213,32 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6% dos custos directos e indirectos)	132,80 €	
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	2.346,12 €	
IVE	492,68 €	
TOTAL co IVE	2.838,80 €	



ANO 2025

CONCEPTO	CUSTO TURISMO RÍAS BAIXAS	
CUSTOS DIRECTOS	custos de persoal	2.851,63 €
	tarifas de adhesión *(non se lles aplica nin o 5% nin o beneficio industrial)	360,34 €
	outros custos directos	840,00 €
	desprazamentos e dietas	735,00 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS		4.786,97 €
CUSTOS INDIRECTOS (5% dos custos directos)	221,33 €	
TOTAL CD+CI	5.008,30 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6% dos custos directos e indirectos)	278,87 €	
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	5.287,17 €	
IVE	1.110,31 €	
TOTAL co IVE	6.397,48 €	

ANO 2025

CONCEPTO	CUSTO CASTELO DE SOUTOMAIOR	
CUSTOS DIRECTOS	custos de persoal	1.629,51 €
	tarifas de adhesión *(non se lles aplica nin o 5% nin o beneficio)	100,00 €
	outros custos directos	480,00 €
	desprazamentos e dietas	420,00 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS		2.629,51 €
CUSTOS INDIRECTOS (5% dos custos directos)	126,48 €	
TOTAL CD+CI	2.755,99 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6% dos custos directos e indirectos)	159,36 €	
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	2.915,35 €	
IVE	612,22 €	
TOTAL co IVE	3.527,57 €	

ANO 2026

CONCEPTO	CUSTO TURISMO RÍAS BAIXAS	
CUSTOS DIRECTOS	custos de persoal	3.530,59 €
	outros custos directos	1.040,00 €
	desprazamento e dietas	910,00 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS		5.480,59 €
CUSTOS INDIRECTOS (5% dos custos directos)	274,03 €	
TOTAL CD+CI	5.754,62 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6% dos custos directos e indirectos)	345,28 €	
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	6.099,90 €	
IVE	1.280,98 €	
TOTAL co IVE	7.380,88 €	

ANO 2026

CONCEPTO	CUSTO CASTELO DE SOUTOMAIOR	
CUSTOS DIRECTOS	custos de persoal	1.086,34 €
	outros custos directos	320,00 €
	desprazamento e dietas	280,00 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS		1.686,34 €
CUSTOS INDIRECTOS (5% dos custos directos)	84,31 €	
TOTAL CD+CI	1.770,65 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6% dos custos directos e indirectos)	106,24 €	
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	1.876,89 €	
IVE	394,15 €	
TOTAL co IVE	2.271,04 €	



6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

24.201,66 €

7. Prezo:**a. Sistema de determinación:**

PREZOS UNITARIOS PREZO A TANTO ALZADO PREZOS PROVISIONAIS

b. Revisión:

SI NON

c. Pago:

TOTAL PARCIAL MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

8. Procedemento:

a. Tramitación: ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE* DE EMERXENCIA

* Nota importante: De conformidade co establecido no artigo 119 LCSP, no caso de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo. O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

b. Xustificación da urxencia ou emerxencia:

NON PROCEDE.

c. Órgano competente:

PRESIDENTE*

*Competencia delegada na DEPUTADA DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS, MOBILIDADE E CONTRATACIÓN (Resolución Presidencial número 2023006130, de 2 de agosto do 2023, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2023006250, de 8 de agosto do 2023).

XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do Orzamento vixente, de delegación das competencias da Presidencia).



PLENO.

d. Procedemento de adxudicación:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> ABERTO | <input type="checkbox"/> LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN |
| <input checked="" type="checkbox"/> ABERTO SIMPLIFICADO | <input type="checkbox"/> NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE |
| <input type="checkbox"/> ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP) | <input type="checkbox"/> DIÁLOGO COMPETITIVO |
| <input type="checkbox"/> RESTRINXIDO | <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN |

e. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 167 LCSP. |
| <input checked="" type="checkbox"/> Concorrenza das condicións do artigo 159.1 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 168 LCSP. |
| <input type="checkbox"/> Concorrenza das condicións do artigo 159.6 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 177 LCSP. |

Xustificación: Maior axilidade. Solicitado polo Servizo Xestor.

9. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.

Os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

Criterio de solvencia económico-financiera: Volume anual de negocios (art.87.1 LCSP)

Determinación: Unha vez e media o valor do contrato (art.87.1 a) LCSP)

Criterio de solvencia técnica ou profesional:

- | |
|--|
| <input type="checkbox"/> Relación das obras executadas no curso dos derradeiros cinco anos (art.88.1 a) LCSP) |
| <input type="checkbox"/> Relación das principais subministracións realizadas no curso dos derradeiros tres anos (art.89.1 a) LCSP) |
| <input checked="" type="checkbox"/> Relación dos principais servizos ou traballos realizados no curso dos derradeiros tres anos (art.90.1 a) LCSP) |

Determinación: O importe anual acumulado non ano de maior execución debe ser igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato. (art. 88.3 /89.3/90.2 LCSP)



***Criterio de solvencia técnica ou profesional para as empresas de nova creación**
(antigüidade inferior a cinco anos):

<input checked="" type="checkbox"/> SI	<p><u>Motivo:</u></p> <p><input type="checkbox"/> Contrato de obras de valor estimado inferior a 500.000,00 euros.</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Contrato de servizo/subministración non suxeito a regulación harmonizada.</p>
	<p><u>Determinación:</u></p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Estarase ao disposto no artigo 90.1.e), da LCSP. E en particular, que contén coa formación nos sistemas de calidade turística UNE-ISO 14785:2015 de Oficinas de Turismo e UNE 302002:2018 de Museos e coleccións musealizadas, así como formación na certificación de Sostibilidade Turística ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostitble). Formación impartida e certificada polo Instituto de Calidade Turística de España (ICTE), ENAC (Entidad Nacional de Acreditación), AENOR ou equivalente.</p> <p>A forma de acreditación da formación e experiencia coa que debe contar a persoa consultora, deberá xustificala mediante a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Currículo vitae, acompañado dunha declaración xurada da persoa consultora ou - Contratos ou certificados de servizos prestados no caso do persoal que traballase directamente coas AAPP ou con Organismos Públicos e /ou Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da AP, levando a cabo os traballos especificados conforme ás normas UNE e ODS indicadas
<input type="checkbox"/> NON	

Coa solvencia seleccionada preténdese asegurar a capacidade da empresa contratista para facer fronte ás obrigacións que poda contraer, e garantir que dispón dos medios materiais, persoal, cualificación, coñecementos, fiabilidade e experiencia axeitados para acometer, con garantías de éxito, a execución do contrato.

Esta necesidade de solvencia indícase no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallárase nos pregos, de xeito que os criterios estean perfectamente determinados conforme aos referenciados na propia Lei, e relacionados co importe e obxecto do contrato.

10. Criterios de adxudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

- SI: Mellor relación calidade-
prezo SI: Mellor relación custe-eficacia NON



Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábeis mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos.

Propóñense etiquetas polo servizo xestor no documento anexo á proposta de contratación, ao considerar que achegan maior calidade aos traballos e estar vinculados co obxecto do contrato.

b. Xustificación:

NON PROCEDE.

c. Fórmula:

Establécese nos pregos.

NON PROCEDE.

d. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais

Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran transcendentales para estes efectos.

NON PROCEDE.

e. Melloras: SI, estableceranse no prego. NON

11. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.



Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.

12. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.

b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDIMENTO ABERTO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ABERTO SARA: En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.



En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP):** 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.
- PROCEDIMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA:** 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDIMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA:** 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA:** 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:** Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adjudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.
- Outros: Vortal



O que se informa aos efectos oportunos.
(Documento asinado electronicamente).

